



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA TRINTA DE XANEIRO DE 2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA
D^a. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 30 de xaneiro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL e D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 16-01-17 e 23-01-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación das actas das sesións celebradas os días 16 de xaneiro de 2017 e 23 de xaneiro de 2017.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

Auséntase da sesión o Concelleiro, D. Jesús Fernández Fernández.

3.- LICENZAS URBANÍSTICAS

EXPTE. 3787/2016. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a.María Rebeca Fernández Martínez, para obras de reforma do local sito na Praza Maior, n.º 15-1º no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3354502PJ1335S0004XS, con obxecto de destinalo ao desenvolvemento da actividade de oficinas de seguros. Coa solicitude achega documento técnico (memoria, orzamento e planos) redactado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy en outubro de 2016.

Visto que resulta acreditado no expediente o pagamento dos tributos municipais polos conceptos de ICIO e taxa.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico referido sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. Trátase dunha reforma de local para oficina, facendo pequenas obras de redistribución. Segundo o proxecto presentado e asinado polo técnico, D. Francisco Hermida Trastoy, a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística e coa normativa técnica aplicable. Sinálase no informe técnico que o local donde se pretende realizar as obras está situado no nº 15-1º da Praza Maior, no Casco Histórico de Viveiro, engadindo que non necesita informe sectorial de Patrimonio debido a que non se realizan obras en fachada.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- De conformidade co disposto no artigo 144 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consígnase expresamente esta circunstancia. E o artigo 24.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia dispón que, se para o desenvolvemento da actividade se precisa a realización dunha obra, a documentación descrita no apartado 1 presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder, e logo de rematar a obra, presentárase comunicación previa para o inicio da actividade.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

A documentación acreditativa dos requisitos exigibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, á que se refire o parágrafo 1º do artigo 24 da Lei 9/2013, do emprendemento, é a seguinte:

- a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico
- d) Proxecto e documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

Revisada a documentación achegada pola solicitante da licenza de obra, considéranse suficientemente acreditados os seguintes extremos, respecto á actividade de oficinas:

Memoria explicativa da actividade, aludida no apartado 1.6.1 do documento técnico (oficina de seguros).

Xustificante de pagamento dos tributos municipais pola actividade.
Declaración de cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade.
O redactor do proxecto xustifica no proxecto que o local cumpre as especificacións do CTE en materia de seguridade e salubridade e así como o cumprimento da normativa autonómica en materia de accesibilidade e de protección acústica.

Non resultan esixibles os documentos indicados nas letras d), e), f) e g) dada a natureza da actividade

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a Ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación no solo no que se ubica o inmovible no que se pretenden executar as obras de reforma de local para o exercicio da actividade de oficinas

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable

Por outra parte, aínda que non se dí expresamente no citado informe técnico, o uso de oficinas está permitido polo PEPRI do casco antigo de Viveiro, recinto intraportas, ao resultar compatible co uso residencial. En consecuencia, tanto as obras proxectadas como as actividades a desenvolver no local (oficina de seguros) resultan conformes coa lexislación e planeamento aplicables.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrante no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:



Concello de Viveiro

Primeiro.- Outorgar a D^a. MARIA REBECA FERNANDEZ MARTINEZ, licenza municipal para obras de reforma do local sito na Praza Maior, n.º 15-1º no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3354502PJ1335S0004XS, vinculadas ao desenvolvemento da actividade de oficina de seguros, de acordo co documento técnico (memoria, orzamento e planos) redactado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy en outubro de 2016.

Segundo.-: Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓN PARTICULARES que de seguido se transcriben:

Unha vez rematadas as obras presentarase comunicación previa para o inicio da actividade, acompañada de certificado de fin de obra.

De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Incorpórase á sesión o Concelleiro, D. Jesús Fernández Fernández.

EXPTE. 4011/2016.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Faustino Barbosa Garcia, para obras de substitución de pizarra en cuberta, canalón e baixante, carpintería exterior e balcón, no inmovible sito na rúa Rosalía de Castro, n.º 5, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3455941PJ1335N0002MW.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

No referido informe técnico sinalase que a clasificación do solo é urbano consolidado. As obras a realizar na edificación son a substitución de pizarra e cango en cuberta, substitución de canalóns e baixantes, substitución de carpintería exterior e de corredor. Segundo a

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

solicitudude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística e coa normativa técnica aplicable. Sinálase no informe técnico que a edificación onde se pretende realizar a obra está situada no nº 5 da Rúa Rosalía de Castro, no Casco Histórico de Viveiro, engadindo que non necesita informe sectorial de Patrimonio.

No citado informe establécense os seguintes condicionamentos:

- A actuación cinguirase á substitución da lousa de acabado de cuberta. Non se poderá intervir na estrutura da edificación (muros de carga, cerchas, vigas, correas, pontons, etc) nin modificar o seu volume, configuración nin pendentes.
- A cuberta rematarase con lousa irregular do país.
- No caso de colocación de canalons e baixantes, estes serán de cinc ou cobre de sección semicircular e circular respectivamente.
- A carpintería de madeira será idéntica á actual tanto en material como en modulación, así como no lugar de colocación na fachada, terase que colocar a faces exteriores con marcaxe de madeira. A carpintería exterior irá pintada da mesma cor que a actual.
- O corredor será do mesmo material e disposición que o actual.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmoble de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza. As actuacións propostas non precisas de informe previo do organo competente en materia de protección do patrimonio
- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrante no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. FAUSTINO BARBOSA GARCIA, licenza municipal para obras de substitución de pizarra en cuberta, canalón e baixante, carpintería exterior e balcón, no inmoble sito na rúa Rosalía de Castro, n.º 5, no casco

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

antigo de Viveiro, de referencia catastral 3455941PJ1335N0002MW.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

A actuación cinguirase á substitución da lousa de acabado de cuberta. Non se poderá intervir na estrutura da edificación (muros de carga, cerchas, vigas, correas, pontons, etc) nin modificar o seu volume, configuración nin pendentes.

A cuberta rematarase con lousa irregular do país.

No caso de colocación de canalons e baixantes, estes serán de cinc ou cobre de sección semicircular e circular respectivamente.

A carpintería de madeira será idéntica á actual tanto en material como en modulación, así como no lugar de colocación na fachada, terase que colocar a faces exteriores con marcaxe de madeira. A carpintería exterior irá pintada da mesma cor que a actual.

O corredor será do mesmo material e disposición que o actual.

Calquera outra actuación que exceda da descrita precisará de nova solicitude de licenza.

De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.

Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

EXPTE. 4012/2016.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. María del Carmen Sánchez González para executar obras de SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR existente en LG. Nogarido, 2, Covas, deste municipio, de referencia catastral 1767405PJ1316N0002SA.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

Visto que coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto técnico asinado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG o 3 de maio de 2016 co número 1602496, e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta.
- Autorización sectorial en materia de protección do dominio público-hidráulico para as anteditas obras, de data 28 outubro de 2016.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No referido informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. As obras a realizar na edificación son a substitución de cuberta de vivenda unifamiliar existente. Non se modifica nin a forma nin o volume da edificación. A parcela corresponde coa referencia catastral 1767405PJ1316N0002SA, sita en Nogarido, 2, Covas, Viveiro. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Sinálase que o proxecto cumpre coa ordenanza de aplicación. Respecto ao cumprimento da normativa técnica aplicable sinala que a arquitecta redactora do proxecto fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable. Consta no informe técnico que o orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende á cantidade de 16.500,12 euros. Establece no informe técnico unha fianza 1.500,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se manifesta que

- Os artigos 142 LSG e 351.1, letra a) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

A normativa aludida nos citados preceptos é a Lei de Ordenación da Edificación que exige a redacción de proxecto para as intervencións sobre edificios existentes sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo como tales (...) as que produzan unha variación do sistema estrutural.

As obras propostas, de substitución de cuberta, en canto precisan de proxecto de obras, han de ser tramitadas polo procedemento de licenza

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exhibibles nos termos da lexislación sectorial vixente. No expediente consta a autorización de Augas de Galicia para a execución das obras, por atoparse o inmovible na zona de policía do rego de Loiba, tal e como queda mencionado no antecedente primeiro deste informe.

- O informe do arquitecto municipal constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico. O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano non consolidado, regulado no punto 2 do Anexo do citado Decreto, permítense as obras solicitadas.

Conclúe o informe técnico sinalando que, en base aos antecedentes do expediente considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza



Concello de Viveiro

pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrante no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^ª. Maria Del Carmen Sánchez González, licenza urbanística para executar obras de SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR existente en LG. NOGARIDO, 2 COVAS, deste municipio, de referencia catastral 1767405PJ1316N0002SA, de acordo co proxecto técnico asinado pola arquitecta, D^ª. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG o 3 de maio de 2016 co número 1602496, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- A promotora deberá constituir na Tesourería municipal unha fianza de **1.500,00 €** en concepto de garantía para reparación de posíbeis danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero do expediente.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza de 1.500 euros.

4.- ENTRONCAMENTOS.

EXPTE. 605/2017.

Vista a solicitude de D. Manuel Blanco Riveira, con domicilio en Pelourao, 39, Vieiro, en Viveiro, para realizar o entronque á rede de sumidoiros, para a vivenda sita en Pelourao, 39, Vieiro, en Viveiro, para o tipo de obra: vivenda unifamiliar.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	PVC. 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	2,5 M
Terreo	Asfalto
Observacións	Ten que romper asfalto

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque. Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e praxe do arquitecto municipal, así como autorización para a súa realización emitida polo Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitada por D. Manuel Blanco Riveira debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

coñecemento e tramitación.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 3561/2016. REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada “Pavimentación e reposición da rede de saneamento no treito inicial do camiño real de Vieiro” , (Expte. CT 16/2016).

Visto o informe emitido polo encargado do servizo de contratación, no que se sinala que a Mesa de Contratación levada a cabo o día vinte e tres de xaneiro de dous mil dezasete, vistas as ofertas presentadas, propuxo como adxudicataria do contrato á empresa “*Carferlo S.L.*”, con CIF B-27.227.388, por un importe total, IVE engadido de 21.577,02 € e por un prazo de 6 días laborables, por tratarse da mellor oferta. Sinálase no referido informe que as ofertas presentadas e a puntuación outorgada ás empresas licitadoras foi a seguinte:

		OFERTAS (Importes con IVE)	REDUCCIÓN	PUNTOS (Cláusula 18 prego cláusulas)	PUNTOS TOTALS
Viaqua, Gestión integral de aguas de Galicia S.A.U.	Económica	22.298,28 €	2.666,74 €	29,03	36,17
	Prazo	21 días naturais (15 días hábiles de traballo segundo o programa de traballo presentado)	5 días hábiles (considerando 20 días hábiles mensuais)	7,14	
Carferlo S.L.	Económica	21.577,02 €	3.388,00 €	30	50
	Prazo	6 días hábiles de traballo, segundo o programa de traballo presentado	14 días hábiles (considerando 20 días hábiles mensuais)	20	

Tendo en conta o establecido no artigo 151 do TRLCSP así como na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Requerir á empresa “*Carferlo. S.L.*”, con CIF B-27.227.388, para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, consonte ao establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, outorgándolle para os devanditos efectos un prazo de diez días hábiles, desde o seguinte ao recibo da notificación.



Concello de Viveiro

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a súa ncontinuidade do expediente ata a súa conclusión.

6.- LICENZAS DE TAXI

EXPTE 636/2017.

Visto o escrito de D. Antonio Díaz Moreiras , no que se manifesta que é titular da licenza de taxi Nº 22 deste Concello, que lle foi concedida excedencia da licenza por un período de dous anos, que desexa proceder a traballar de novo na referida licenza municipal, co vehículo que tiña adscrito á mesma, matrícula 9395 CHX, do que acompaña ficha técnica e permiso de circulación, e solicita que se acorde a rehabilitación da licenza municipal nº 22 e se autorice o referido vehículo para a mesma. Adxunta comunicación ante o Instituto Nacional da Seguridade Social de inicio de actividade laboral por conta propia (taxista), simultánea á condición de pensionista, como xubilación activa para a actividade de taxista e resolución do INSS da compatibilización da pensión de xubilación co réxime de autónomos.

Visto o informe xurídico favorable, que consta no expediente, emitido pola Secretaria Municipal. Este informe conclúe o seguinte:

“(…)

Primeiro.- O período de suspensión non pode superar o máximo de dous anos establecido no artigo 11 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. Transcorrido un mes dende a finalización da suspensión sen terse reanudado de modo efectivo a prestación do servizo, incurrirase en causa determinante da caducidade da licenza de taxi.

Segundo os datos obrantes neste Concello, e que constan nos antecedentes sinalados, enténdese que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 11 para a rehabilitación da licenza, non incorrendo en causa determinante de caducidade, en consonancia co artigo 12, sempre que no prazo de un mes dende o remate da suspensión se teña reanudado de modo efectivo a prestación do servizo.

Respecto ao vehículo que se pretende adscribir a esta licenza de taxi é o mesmo vehículo que xa figuraba adscrito á mesma no momento da suspensión.

Debe cumprirse co previsto nos artigos 10 e 20 da referida norma, respecto á dedicación plena exclusiva e persoal da persoa titular da licenza á actividade de taxi, posto que do contrario se incorrería en causa de caducidade.”

Tendo en conta que, segundo o manifestado no informe, o artigo 11 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia establece que as licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos, sinlándose así mesmo no referido artigo que, transcorrido un mes dende o remate da suspensión sen terse reanudado de modo efectivo a prestación do servizo, incurrirase en causa determinante da caducidade da licenza de taxi.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Tendo en conta a vinculación entre a licenza de taxi e a autorización interurbana de taxi, segundo o establecido nos artigos 4.3 e 15.2 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Acordar a rehabilitación da licenza de taxi nº 22, titularidade de D. Antonio Díaz Moreiras, co vehículo marca Peugeot 406, matrícula 9395 CHX.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Mobilidade de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (órgano competente respecto á autorización interurbana de taxi).

Tercero.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Secretaría para a súa notificación aos interesados, coa expresión dos recursos que procedan.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcadesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 30 de xaneiro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.